



PREVENCIÓN E SAÚDE LABORAL ANTE O CORONAVIRUS NAS PERRUQUERÍAS

ANTES DE IR AO TRABALLO



PERSOAS SENSIBLES

Identificar ao persoal traballador especialmente sensible e adoptar as **medidas específicas** para minimizar o risco de contaxio cando teñan que acudir ao centro de traballo.



FEBRE

Non ir traballar con **febre (>37°)** ou **síntomas respiratorios** ou se houbo contacto próximo cunha persoa infectada.



INFORMACIÓN

Difundir as **recomendacións** da autoridade sanitaria e do Servizo de Prevención ante o coronavirus mediante carteis ou paneis informativos.



DESPRAZAMENTO

Mellor **individual**, se non, só unha persoa por fila. No transporte **colectivo** **precísase o uso de máscara**.

DISTANCIA DE SEGURIDADE



DISTANCIA

Manter **2 metros de seguridade** tanto entre o persoal traballador como co persoal usuario.



CITA PREVIA

Atender sempre con cita previa. Adaptar os horarios de apertura e **organizar quendas** no persoal. Indicar horario preferente para maiores de 65 anos.



ESPAZOS REDUCIDOS

Evitar coincidir en **espazos reducidos** como zonas de descanso e de preparación de produtos.



REORGANIZAR ZONAS

Deixar un **posto baleiro** entre **clientes**, nas zonas de tocadores e lavacabezas. Instalar pantallas ou sinalizar o chan.

HIXIENE E LIMPEZA



LAVADO DE MANS

Facilitar o **lavado frecuente de mans** e o uso de **solucións hidroalcohólicas** a todo o persoal. Lavalas antes e despois de tratar con cada cliente.



LIMPEZA

Intensificar a **limpeza e desinfección** de espazos e superficies, en especial as que se tocan máis (mostradores, tocadores, cadeiras, pomos, teclados, teléfonos, TPV, aseos, etc.) e sempre nos cambios de quenda. Empregue **sempre produtos recomendados** polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono.



VÍAS RESPIRATORIAS

Cubrir as vías respiratorias cun **pano desbotable** ou co antebrazo ao tusir ou esberrar e desbotalo de xeito adecuado.



OLLOS, NARIZ E BOCA

Evitar **tocar** os ollos, o nariz e a boca, xa que as mans facilitan a transmisión.



MATERIAL DE TRABALLO

Cada **estilista** terá o seu **propio material de traballo** que non compartirá e que limpará e desinfectará ao cambiar de cliente. Intentarase **non compartir** tampouco os **produtos** (xampús, xeles, máscaras, etc.) e de facelo, hixienizar o envase.



LUVAS

Usar as **luvas habituais** nas **distintas tarefas**, sen descoidar a hixiene e cambiándoas despois de cada actividade.



MÁSCARAS

Recoméndanse se non se pode manter a **distancia de 2 metros**. Nas tarefas con proximidade ofrecerllos ou **informar á clientela** da conveniencia do seu uso.



PRENDAS

Preferiranse os **materiais desbotables** (capas, toallas, etc.) para a clientela. Refugalos en contedor con tapa, pedal e bolsa recambiable. As **prendas do salón reutilizables** almacenaranse en contedor pechado con bolsa ata o seu lavado que se fará en auga quente (60-90°C).



ROUPA DE TRABALLO

É mellor **non usar a bandoleira** para portar as ferramentas. Utilizarase **roupa de traballo e calzado específico** que non se levará posto fóra do local.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS



CLIENTELA

Poñer a disposición da clientela **solucións hidroalcohólicas**, especialmente no acceso. **Retirar** revistas, tablets, catálogos... para evitar a súa manipulación.



PAGO ELECTRÓNICO

Fomentar o pago por **medios electrónicos** (tarxeta, móvil). Se non é posible, ter un recipiente para depositar os cartos.



EVITAR USO DE PAPEL

Non utilizar papel, por exemplo usar programas informáticos para a xestión da axenda.



PROVEDORES

Fixar **horarios** e condicións para a entrega de produtos e contacto con provedores.

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

A Coruña
981 182 329
issga.coruna@xunta.gal

Lugo
982 294 300
issga.lugo@xunta.gal

Ourense
988 386 395
issga.ourense@xunta.gal

Pontevedra
886 218 101
issga.pontevedra@xunta.gal

Santiago
881 999 332
issga@xunta.gal